

Luns, 20 de decembro de 2021

Núm. 244

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**TUI**

**Ordenanzas e Regulamentos**

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA  
DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA*

*ANUNCIO*

Rematado o período de exposición ao público sen formularse ningunha reclamación á modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, aprobada polo Pleno do Concello de Tui en sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2021 (publicado no BOPPO núm. 202, do día 20 de outubro de 2021), cumprindo o establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, publíquese o texto íntegro da ordenanza citada, incluíndo a modificación definitivamente aprobada:

**“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS  
DE TRACCION MECÁNICA**

*ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO*

O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo municipal, directo e obrigatorio regulado nos artigos 92 a 99 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFL).

*ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE*

1.- Constitúe o feito imponible deste imposto a titularidade de vehículos de tracción mecánica, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2.- Considérase vehículo apto para a circulación o que estivese matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non tivese causado baixa nos mesmos. Para os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3.- Non están suxeitos a este imposto:

a) Os vehículos que tendo sido dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos desa natureza.



Luns, 20 de decembro de 2021

Núm. 244

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica nos que a carga útil non sexa superior a 750 quilogramos.

### ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria a nome de quen figure o vehículo no permiso de circulación.

### ARTIGO 4.-EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1.-*Exencións.*- Estarán exentos do imposto os vehículos que sinala o artigo 93 da LRFL, cos requisitos e formalidades que se sinalan en dito artigo.

Para aplicar a exención do artigo 93.e) da LRFL, os interesados deberán instar a súa concesión e achegar coa súa solicitude, orixinais ou fotocopias compulsadas da seguinte documentación:

#### *a) Vehículo conducido por persoas con discapacidade:*

- Certificado do grao de discapacidade expedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia, na que conste o grao e o carácter temporal ou definitivo da mesma. Así mesmo, sirve Resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social, recoñecendo a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez.
- Permiso de conducción (anverso e reverso).
- Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita exención a nome da persoa con discapacidade.
- Póliza do seguro do vehículo na que figure a persoa con discapacidade como condutor do mesmo, debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado, así como o último recibo de pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.
- DNI ou documento que acredite de forma fidedigna a identidade do solicitante.
- Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o uso de persoa discapacitada

#### *b) Vehículos destinados ó transporte de persoas con discapacidade:*

- Certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería competente da Xunta de Galicia, na que conste ademais do grao de minusvalía o carácter temporal ou definitivo da mesma.
- Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a exención, a nome da persoa con discapacidade.
- Póliza do seguro do vehículo a nome da persoa con discapacidade, debidamente asinada pola compañía de seguros e polo asegurado, así como o último recibo de pagamento a efectos de confirmar a vixencia da póliza.



Luns, 20 de decembro de 2021

Núm. 244

- DNI ou documento que acredite de forma fidedigna a identidade do solicitante.
- Declaración responsable de que se trata dun vehículo destinado en exclusividade para o transporte de persoa discapacitada.”

## 2.-Bonificacións.-

2.1- Bonificación do 100% da cota do imposto para vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data da súa fabricación; se esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

2.2- Gozarán dunha bonificación na cota do imposto os seguintes vehículos, en función do carburante ou das características do motor do vehículo e a súa incidencia no medio ambiente:

a) do 75% de bonificación cunha duración indefinida a partir do ano seguinte ao de primeira matriculación para os vehículos máis eficientes (distintivo ambiental etiqueta 0 emisións).

b) do 75% de bonificación durante os 5 anos naturais posteriores ao de primeira matriculación, para os seguintes vehículos (distintivo ambiental etiqueta eco).

Estas bonificacións deberán ser solicitadas polas persoas interesadas mediante instancia dirixida ao órgano competente, achegando o permiso de circulación e ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías previstas neste artigo.

A concesión de exencións e bonificacións, a instancia dos suxeitos pasivos, producirá os seus efectos no exercicio seguinte a aquel no que se presente a solicitude.

## ARTIGO 5.- COTA

1.- O imposto esixirase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas, de conformidade co disposto no artigo 95 da LRFL.

Potencia e clase de vehículo	Cota Euros
<i>A) Turismos:</i>	
De menos de 8 cabalos fiscais	15,02
De 8 ata 11,99	40,56
De 12 ata 15,99	85,61
De 16 ata 19,99	106,64
De 20 en diante	133,28
<i>B) Autobuses:</i>	
De menos de 21 prazas	99,13
De 21 a 50 prazas	141,18
De máis de 50 prazas	176,48
<i>C) Camións:</i>	
De menos de 1000 kg de carga útil	50,31
De 1000 a 2999 kg de carga útil	99,13



Luns, 20 de decembro de 2021

Núm. 244

<i>Potencia e clase de vehículo</i>	<i>Cota Euros</i>
De 2999 a 9999 kg de carga útil	141,18
De máis de 9999 kg de carga útil	176,48
<i>D) Tractores:</i>	
De menos de 16 cabalos fiscais	21,03
De 16 a 25 cabalos fiscais	33,05
De máis de 25 cabalos fiscais	99,13
<i>E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:</i>	
De menos de 1000 e mais de 750 kg de carga útil	21,03
De 1000 a 2999 kg de carga útil	33,05
De máis de 2999 kg de carga útil	99,13
<i>F) Vehículos:</i>	
Ciclomotores	5,26
Motocicletas ata 125 c.c.	5,26
Motocicletas de máis de 125 c.c. ata 250 c.c.	9,01
Motocicletas de máis de 250 c.c. ata 500 c.c.	18,03
Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1000 c.c.	36,05
Motocicletas de máis de 1000 c.c.	72,09

### ARTIGO 6.- XESTIÓN

Cando se trate de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación en exercicios anteriores, o imposto xestionarase mediante o sistema de padrón anual que se notificará de modo colectivo mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### DISPOSICIÓN FINAIS

1ª No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2022, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.”

Contra o citado acordo, que é definitivo na vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Todo elo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso ou acción que estimen pertinente.

En Tui, o Alcalde, Enrique Cabaleiro González

Documento asinado dixitalmente á marxe

